



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís

Expediente: 2025000048124

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO208: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA FINANCIAR A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS, A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E SINALIZACIÓN DE ESPAZOS DE RECUPERACIÓN DA MEMORIA DEMOCRÁTICA

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 23405 do 21 de maio de 2026, que foi publicada no BOP do 26 de maio de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO208: Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita sen que os concellos presentaran alegacións, emendas ou desistencias.

Vistos o informe do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO208: Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática, aos concellos seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL NIF: P1506800J Cod. Exp.: 2026000015621 Obxecto: Subvencións para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática	5.029,94	0,8000	6.287,43
Beneficiario: CONCELLO DE ARZUA NIF: P1500600J Cod. Exp.: 2026000015808 Obxecto: O obxecto desta subvención é a investigación difusión e recoñecemento ás mulleres que loitaron e apoiaron a loita contra o fascismo durante a Guerra Civil e a ditadura franquista.	9.300,00	0,7440	12.500,00
Beneficiario: CONCELLO DE CAMARIÑAS NIF: P1501600I Cod. Exp.: 2026000015116 Obxecto: Proxecto 'Sementando Memoria'	10.000,00	0,8000	12.500,00
Beneficiario: CONCELLO DE MAÑÓN NIF: P1504500H Cod. Exp.: 2026000015763 Obxecto: POLA MEMORIA DEMOCRÁTICA EN MAÑÓN	3.200,00	0,8000	4.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE MONFERO NIF: P1505100F Cod. Exp.: 2026000015759 Obxecto: Desenvolvemento de actuacións vinculadas á recuperación, posta en valor e difusión da memoria democrática no Concello de Monfero	10.000,00	0,8000	12.500,00
Beneficiario: CONCELLO DE PONTEDEUME NIF: P1507000F Cod. Exp.: 2026000015754 Obxecto: ABRIL, MES DA MEMORIA. PONTEDEUME 2026	6.902,39	0,8000	8.627,99
Beneficiario: CONCELLO DE SAN SADURNIÑO NIF: P1507700A Cod. Exp.: 2026000015209 Obxecto: Eliminar simboloxía franquista, facer homenaxes ás vítimas e divulgar a memoria democrática	6.460,00	0,8000	8.075,00

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE SANTA COMBA NIF: P1507800I Cod. Exp.: 2026000015616 Obxecto: XALLAS CON MEMOROA: proceso comunitario de recuperación e socialización da memoira domocrática no Concello de Santa Comba	4.000,00	0,8000	5.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE VALDOVIÑO NIF: P1508800H Cod. Exp.: 2026000015812 Obxecto: ACTIVIDADES SOBRE RECUPERACIÓN DA MEMORIA DEMOCRÁTICA EN TODAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS	3.000,00	0,8000	3.750,00

Número de solicitudes concedidas: 9
Total concedido: 57.892,33 €.

Segundo.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Terceiro.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0611/9253/46201, por importe de: 57.892,33 €

Anular o saldo sobrannte no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

Cuarto.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que

corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.